



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL
G-32014003
bng@depourense.es

DEPUTACIÓN
OURENSE

Libro xeral de entradas

Num. Rexistro: 2019005322

Data: 08-02-2019 10:25



12431147357332573110

Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a **MOCIÓN A RESPECTO DA SITUACIÓN DA REDE DE CANCEIRAS PROVINCIAIS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, alzouse como resposta normativa diante da falta dunha lexislación actualizada e integradora sobre a protección e defensa dos animais que viven na contorna humana, cuxo obxectivo fundamental era darlles amparo e salvagarda mediante a regulación das mínimas atencións hixiénico-sanitarias que debían recibir, así como establecer as obrigacións das persoas posuidoras, centros de recollida, albergues ou instalacións para o seu mantemento temporal, ao obxecto de garantir uns mínimos de bo trato animal. Esta lei foi derogada por outra, a 4 de 2017 e o decreto 153/1998 nos aspectos que non regula a nova lei.

A norma galega define como animais domésticos aqueles que se reproducen, conviven cos humanos e non son susceptibles de ocupación

O artigo 22 da lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galiza. Recollida e acollida dos animais vagabundos e extraviados sinala: Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais.

A recollida dos animais abandonados é competencia dos concellos. Estes teñen a obriga de recoller todos os animais domésticos (non se inclúe gando) pero si exóticos (paxaros ornamentais, etc....), excluída a fauna salvaxe.

A Rede Provincial de centros de acollida foi creada para xestionar este servizo naqueles concellos que delegan na Deputación, por convenio, esta competencia. Na actualidade son 68 os concellos acollidos a este convenio.

Os animais son recollidos en orixe e trasladados a un dos centros de acollida. Nos casos en que é posible a localización do propietario (animais rexistrados), a devolución faise coa maior brevidade. Noutro caso, os animais son ingresados nun centro.

No caso de que non aparecese o propietario no prazo legal, os animais pasan a ser propiedade da Rede Provincial e a estar dispoñibles para a súa adopción.

Máis hai varias cuestións que sendo competencia dos concellos, e da Deputación por delegación, non se están a facer. A primeira é que na rede de canceiras so hai cans, o que contravén a norma. A Deputación non recolle gatos, nin outro tipo de animais.

A segunda das cuestións é que o horario de atención das canceiras provinciais so é de luns a venres, en horario de mañá, o que resulta escasamente eficaz pois se o aviso de que hai algún animal solto se produce de tarde ou nun festivo ou fin de semana, este deambulará perdido e desorientado, co perigo que iso significa para o propio animal e para a seguridade viaria.

Por todo o anterior SOLICITAMOS

- 1.- que se cumpla en todo o seu contido, o disposto na norma galega (lei lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galiza)
- 2.- que se amplíen os horarios de atención ás canceiras, habilitando un horario de tarde e de garda durante as fins de semana e festivos.

Ourense, 8 de febreiro de 2019

asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE